

## TRABALLO DA ASIGNATURA PENDENTE DE 2º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA

### 2ª AVALIACIÓN

A recuperación da asignatura pendente lograrase mediante a realización duns exercicios propostos polo Departamento de Xeografía e Historia que se realizarán en dúas partes, durante a primeira avaliación traballarase a parte de Historia, e durante a segunda avaliación a parte de Xeografía.

Os exercicios teñen un **prazo de entrega** e serán calificados de **aprobado ou suspenso**, para aprobar a asignatura é **imprescindible aprobar as dúas partes**, a de **Historia** e a de **Xeografía**. Para aprobar, precísase igualar ou superar a **Nota de 7,5** puntos (o cal implica realizar **moi ben** o **75%** dos exercicios tanto de Historia coma de Xeografía, por separado).

**No caso de non entregar os exercicios ou non aprobar**, o alumnado ten unha **proba escrita extraordinaria** de toda a asignatura o **6 de maio ás 16:30**.

1ª AVALIACIÓN: O prazo de entrega para a parte de Historia é o 10 de xaneiro.

2ª AVALIACIÓN: O prazo de **entrega** para a parte de **Xeografía** é o **19 de abril**.

### EXERCICIOS de XEOGRAFÍA

TEMA 7. (2,5 puntos)

1. Sinala as características do relevo peninsular. (1 punto)
2. Sinala o río máis longo de cada vertente peninsular e di onde nace e onde desemboca. (0,5 puntos)
3. Que zona da paisaxe mediterránea é a máis árida?(0,5 puntos)
4. Que factores determinan o clima das illas Canarias? (0,5 puntos)

TEMA 8. (2,5 puntos)

1. Onde se localizan as altitudes maiores do relevo galego? (1 punto)
2. Que ríos desembocan na ría de Ferrol, A Coruña, Arousa, Pontevedra e Vigo? (0,5 puntos)
3. Cales son as Rías Baixas? (0,5 puntos)
4. Que centros de acción son os que exercen a influencia no clima de Galicia? (0,5 puntos)

TEMA 9. (5 puntos)

1. Cales son as provincias galegas que teñen maior densidade de poboación? (1 punto)
2. Que tipo de problemas presenta unha poboación envellecida? (1 punto)
3. Que razóns explican o descenso da mortalidade? (1 punto)
4. Indica as características do modelo demográfico de Galicia. (2 puntos)